

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27 de setembro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de agosto.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes agosto de 2018.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio de 2017, correspondente ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á FPSDM.
5. Aprobación, se procede, da determinación das Festas Locais para o ano 2019.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre integración do Programa de Asistencia ás Drogodependencias no Servizo Galego de Saúde.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre Modificación Puntual PXOM Porto de Vilagarcía.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a creación da infraestrutura necesaria para a Escola Municipal e os Deportes Náuticos.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a recuperación do Río Umia.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a sinalización, mellora e acondicionamento das paradas do transporte escolar e de liñas regulares en Vilagarcía e mellora das marquesiñas.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Rogos e preguntas.
14. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE AGOSTO..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria ordinaria de 30 de agosto de 2018.

Dáse conta de que figura D. MIGEL ALVES LAGO sendo o nome correcto D. MIGUEL ALVES LAGO.

Coa corrección indicada queda aprobada a acta por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=1>

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES AGOSTO DE 2018.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº DESCRICIÓN

1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de xullo de 2018

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE AGOSTO DE 2018:

Nº DESCRICIÓN

10 Concesión de licenza municipal para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
5 Concesión de licenza municipal de obra maior
3 Aceptación desestímulo de comunicación previa apartura de establecemento
1 Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para cambio de titularidade e desenvolvemento de actividade
32 Aceptación de comunicación previa para realización de obras
5 Concesión de licenza de legalización de obras
1 Concesión de prórroga de 6 meses para execución de obras
2 Concesión de licenza de obra menor
1 Concesión de licenza para instalación de entrada de carruaxes
7 Concesión de licenza para obras de canalización
10 Concesión de autorización para realización de espectáculo pirotécnico
5 Concesión de autorización para celebración de bailes e verbenas populares
4 Adxudicación contrato prestación do servizo de actuación de artista
4 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado
2 Non admisión de oferta presentada por licitador para adxudicación contrato
1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
4 Avocación puntual competencias Alcaldía, delegadas en Xunta de Goberno Local
1 Aprobación dúas memorias valoradas redatadas polo Arquitecto Municipal
1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde as funcións da Alcaldía por ausencia do titular
3 Concesión de gratificación especial por substitución temporal posto de categoría superior
2 Designación Tesoureira Accidental
2 Designación Interventora en Funcións
14 Nomeamento de funcionario/a interino/a
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
1 Aprobación gasto correspondente ás aportacións ao Plan de Pensións do mes de xullo
1 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos
3 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Xeración de Créditos
4 Recoñecemento de obrigas e orde de pago
19 Concesión/denegación fraccionamento de débeda
11 Orde de pago de facturas
13 Compensación de oficio de débito e crédito
1 Iniciación vía executiva cobro de recibos adebedados a Espina & Delfín SL
2 Iniciación de oficio de expediente sancionadores de tráfico
1 Orde concesión de prazo para solicitude licenza municipal legalización valados publicitarios
1 Requirimento concesión prazo para adopción medidas en relación muro en mal estado

- 1 Imposición segunda multa coercitiva por incumprimento resolución en relación con muro e movemento de terras
- 1 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Asumir por parte do Concello o gasto de estancia de persoa dependente en Residencia Valle Inclán durante o tempo imprescindible

TOTAL: 183

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=2>

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=3>

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2017, CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E Á FPSDM.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017.

A conta xeral do exercicio 2017, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

I. O BALANCE:

BALANCE	2013	2014	2015	2016	2017
ACTIVO					
ACTIVO NON CRRTE.	87.786.915,47	89.008.567,61	92.338.951,14	93.987.864,17	96.290.673,51
ACTIVO CORRENTE	13.428.076,76	10.181.752,69	8.209.536,60	11.374.481,45	9.794.331,46
DEBEDORES C/P	5.825.366,51	5.029.964,81	5.536.166,75	5.641.176,14	4.819.362,23
DISPONÍBLE	7.262.770,64	4.744.425,67	2.596.595,27	5.658.232,56	4.862.578,45
TOTAL ACTIVO	101.214.992,23	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	93.557.368,39	88.158.106,65	92.968.622,55	98.096.220,06	99.731.770,64
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	73.950.041,46	77.294.283,31	81.733.304,69	89.174.339,01	94.057.560,56
Pasivo non crрте.	19.607.326,93	10.863.823,34	11.235.317,86	8.921.881,05	5.674.210,08
Pasivo corrente	7.657.623,84	11.032.213,65	7.579.865,19	7.266.125,56	6.353.234,33
TOTAL PASIVO	101.214.992,23	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97
FONDO MANIOBRA	5.770.452,92	-850.460,96	629.671,41	4.108.355,89	3.441.097,13
FM/D	79,45%	-17,93%	24,25%	72,61%	70,77%

II. **CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:**

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de **4.655.377,88 EUROS**.

III. **O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:**

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de **4.556.466,91 €**, co seguinte detalle:

	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2016	42.601.500,82	46.488.636,04	0,00	84.202,15	89.174.339,01
b) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	14.859,23	0,00	0,00	14.859,23
C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2017 (A+B)	42.601.500,82	46.503.495,27	0,00	84.202,15	89.189.198,24
D) Variacións do patrimonio neto 2017	0,00	4.556.466,91	0,00	311.895,41	4.868.362,32
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	4.655.377,88	0,00	311.895,41	4.967.273,29
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

3. Outras variacións do Patrimonio Neto	0,00	-98.910,97	0,00	0,00	-98.910,97
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D)	42.601.500,82	51.059.962,18	0,00	396.097,56	94.057.560,56

IV. **O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:**

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en **- 795.654,11€** co seguinte detalle:

Fluxos	Exercicio 2017
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	3.983.303,54
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-2.322.677,45
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	-2.652.996,54
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	196.716,34
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución neta do efectivo	-795.654,11
Efectivo o inicio do exercicio	5.658.232,56
Efectivo o final do exercicio	4.862.578,45

V. **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:**

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

a) **RESULTADO ORZAMENTARIO:**

O **resultado orzamentario axustado** que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2017 é **POSITIVO** con un importe de **2.284.858,85€** co seguinte desglose:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	27.888.495,14
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	26.748.877,42
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII)	1.139.617,72
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	132.825,16
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.250.000,00
Total dereitos recoñecidos	29.271.320,30
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	24.804.059,44
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	22.337.832,86
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	2.466.226,58

b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	130.200,16
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	4.453.173,80
Total obrigas recoñecidas	29.387.433,40
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	-116.113,10
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	3.022.147,37
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	2.288.130,55
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	2.909.305,97
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.284.858,85

b) REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2017 ascendeu a **2.615.131,76€**, e desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	4.862.578,45
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	10.789.254,52
2.a. Do orzamento corrente	1.887.832,44
2.b. De orzamentos pechado	9.441.163,72
2.c. De operacións non orzamentarias	15.210,79
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	554.952,43
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.750.177,22
3.a. Do orzamento corrente	2.617.712,73
3.b. De orzamentos pechados	73.558,52
3.c. De operacións non orzamentarias	1.073.929,05
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	15.023,08
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	11.901.655,75
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	6.420.330,02
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	2.866.193,97
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.615.131,76

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2017, que será sometida a aprobación do Consello Reitor, presentando o seguinte detalle:

I.- BALANCE.

BALANCE	2013	2014	2015	2016	2017
ACTIVO					
ACTIVO NON CR RTE.	731.595,42	746.761,97	758.201,05	783.797,27	799.764,73
ACTIVO CORRENTE	296.398,07	286.812,13	355.166,61	361.795,95	305.508,98
DEBEDORES C/P	234.884,61	262.770,77	311.327,02	303.836,20	110.351,79
DISPONIBLE	61.513,46	24.041,36	43.839,59	57.959,75	195.157,19
TOTAL ACTIVO	1.027.993,49	1.033.574,10	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	896.233,71	919.241,45	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17

FONDOS PROPIOS	896.233,71	919.241,45	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17
Pasivo non crtte.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo corrente	131.759,78	114.332,65	142.541,27	153.590,22	92.557,54
TOTAL PASIVO	1.027.993,49	1.033.574,10	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71
FONDO MANIOBRA	164.638,29	172.479,48	212.625,34	208.205,73	212.951,44
FM/Tesourería	267,65%	717,43%	485,01%	359,22%	109,12%

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un superávit por importe de **20.713,17€**.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de **20.713,17€**.
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de **974.789,11€**.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivo un incremento do efectivo por importe de **137.197,44€**, sendo o efectivo ao final do exercicio de **195.157,19 €**

V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 7.478,65€, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de **7.748,65€**.

- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): **212.966,44€**, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a **212.966,44€**, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 16.734,06€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2017 obrantes no expediente electrónico **INT/2018/142**, así como o informe da Interventora delegada da Fundación de Deportes obrante no expediente electrónico **INT/2018/162**.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 13 de agosto de 2018.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N°157 de data 16 de agosto de 2018, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado de Secretaría de data 19 de setembro de 2018.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

1. A aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2017.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de setembro de 2018

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017, correspondente ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á FPSDM.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro Non Adscrito (1) e dez abstencións pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da Conta Xeral do Exercicio de 2017, correspondente ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á FPSDM.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=4>

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2019.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta de que antes do 30 de setembro se debe remitir ao Servizo de Emprego e Economía Social, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a proposta de festas locais para o ano 2019, aprobada polo Pleno do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2019, para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2019 para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2018 os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=5>

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE INTEGRACIÓN DO PROGRAMA DE ASISTENCIA ÁS DROGODEPENDENCIAS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de setembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN: INTEGRACIÓN DO PROGRAMA DE ASISTENCIA ÁS DROGODEPENDENCIAS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os primeiros centros de atención ás drogodependencias xurdiron nos anos 80 por iniciativa de entidades sociais e dalgúns concellos. A partires de 1.986, data da aprobación do I Plan de Galicia sobre drogas, configurouse a rede pública de Centros de atención ás drogodependencias en colaboración cos concellos. Actualmente os Servizos á drogodependencia seguen a ser xestionados baixo a mesma fórmula de coordinación entre a Consellería de Sanidade e os Concellos.

A Consellería de Sanidade aporta anualmente mediante subvención dous tercios do custe do Servizo de Prevención e Asistencia ás drogodependencia de Vilagarcía de Arousa (en adiante SPAD) para contribuír ao funcionamento do servizo, o Concello contribúe tamén ao financiamento, o que supón anualmente entono aos 150 mil euros.

O SPAD conta cunha equipa multidisciplinar de profesionais. A equipa do Programa de asistencia ás drogodependencias está conformado por unha médica, dúas psicólogas clínicas, unha DUE e está prevista a contratación doutra DUE, unha auxiliar de enfermería e unha

Traballadora Social todas elas con vinculación laboral co Concello de Vilagarcía de Arousa.

O Plan de Trastornos adictivos de Galicia (2011-2016) establece no seu texto, entre outros, coma uns dos valores inspiradores do propio Plan, a equidade, na xestión dos intereses colectivos; a eficiencia, na utilización dos recursos; o traballo orientado a resultados para a comunidade e o traballo en equipo, en coordinación con toda a Consellería e o Servizo Galego de Saúde.

O citado Plan de Trastornos adictivos de Galicia tamén recolle coma un dos seus obxectivos xerais "garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde". E coma obxectivos específicos:

- Normalizar a atención que se vai brindar ás persoas con trastornos adictivos, garantindo o seu acceso ao conxunto de servizos e prestacións do Sistema Público de Saúde.
- Mellorar os mecanismos de coordinación das unidades de condutas adictivas cos servizos de Atención Primaria e Especializada, en particular cos servizos de Saúde Mental a través da implementación do circuito de atención ao paciente.
- Asegurar o tratamento dos trastornos mentais concomitantes coa adicción que presenten os pacientes atendidos na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas de Galicia.
- Potenciar o papel dos servizos de Atención Primaria de Saúde no diagnóstico precoz dos problemas de abuso ou dependencia do alcohol e o tabaco e no tratamento e seguimento da patoloxía orgánica relacionada co consumo de drogas.
- Impulsar a posta en marcha de intervencións breves con bebedores de risco e de deshabitación tabáquica por parte dos servizos de Atención Primaria de Saúde.
- Potenciar os programas de dispensación de metadona a través das oficinas de farmacia e os servizos de Atención Primaria.

O Plan de Trastornos adictivos de Galicia, xa concluído no ano 2016, recolle a necesaria coordinación entre os servizos de atención á drogodependencia e o Sistema público de saúde e a prestación de determinados servizos, como a dispensación de metadona nos Centros de Atención primaria.

Parece necesario garantir esa coordinación e a correcta atención integral ás persoas con problemas de dependencia ás drogas, integrando na propia cobertura do Sergas os Programas de asistencia ás drogodependencias.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia a e á Consellería de Sanidade a iniciar os pasos para a futura integración do Servizo do Programa de asistencia ás drogodependencias no Servizo Galego de Saúde. A integración deste servizo no SERGAS fai necesaria a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía, polos servizos que se prestarían dende Vilagarcía ao resto do Concello da comarca pola incorporación destes novos servizos.

2.- Garantir a continuidade da contratación do persoal dos Programas de asistencia ás drogodependencias e a súa integración coma persoal estatutario do SERGAS.

3.- Instar al Conselleiro de Sanidade á elaboración do novo Plan de Trastornos adictivos de Galicia.

4. Dar traslado destes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade e aos portavoces dos Grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 19 de setembro de 2018

Tania García Sanmartín
Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre integración do Programa de Asistencia ás Drogodependencias no Servizo Galego de Saúde.

Dáse conta da presentación polos grupos políticos municipais das seguintes emendas:

- Grupo Municipal do PSG-PSOE:

Engadir: A Equipa do programa de asistencia ás drogodependencias está formado por unha médica, dúas psicólogas clínicas, unha traballadora social, unha DUE e está prevista a contratación doutra DUE, unha auxiliar de clínica, **DÚAS EDUCADORAS SOCIAIS e UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA.**

- Grupo Municipal do PP:

Engadir: No apartado 2, ao final “velando polo mantemento da situación e condicións de estabilidade que teñen na actualidade”, polo que quedaría do seguinte xeito:

2.- Garantir a continuidade da contratación do persoal dos Programas de asistencia ás drogodependencias e a súa integración coma persoal estatutario do SERGAS, velando polo mantemento da situación e condicións de estabilidade que teñen na actualidade.

- Grupo Municipal de EU:

Modificar a redacción do apartado primeiro, quedando do seguinte xeito:

1.- O Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia a e á Consellería de Sanidade a iniciar os pasos para a futura integración do Servizo do Programa de asistencia ás drogodependencias no Servizo Galego de Saúde. A integración deste servizo no SERGAS fai necesario dispoñer de instalacións axeitadas para o novo Servizo polo tanto sen precarizar o Centro de Saúde de San Roque polo que, solicítase a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía.

Polo grupo municipal do PSG-PSOE aceptanse as emendas presentadas:

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE coas emendas presentadas e:

1.- O Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia a e á Consellería de Sanidade a iniciar os pasos para a futura integración do Servizo do Programa de asistencia ás drogodependencias no Servizo Galego de Saúde. A integración deste servizo no SERGAS fai necesario dispoñer de instalacións axeitadas para o novo Servizo e polo tanto sen non precarizar o Centro de Saúde de San Roque polo que, solicítase a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía.

2.- Garantir a continuidade da contratación do persoal dos Programas de asistencia ás drogodependencias e a súa integración coma persoal estatutario do SERGAS, velando polo mantemento da situación e condicións de estabilidade que teñen na actualidade.

3.- Instar al Conselleiro de Sanidade á elaboración do novo Plan de Trastornos adictivos de Galicia.

4. Dar traslado destes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade e aos portavoces dos Grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=6>

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM PORTO DE VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 21 de setembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN: MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM PORTO DE VILAGARCÍA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vilagarcía en sesión celebrada o día 29 de abril de 2013 aprobou unha moción presentada polo grupo municipal PSDEG-PSOE para liberar a desembocadura do Río do Con.

A tales efectos acordouse instar á Autoridade Portuaria para que unha vez rematada a concesión da nave ubicada sobre o río, se estableceran as condicións administrativas que garantan a correcta execución do proxecto do Río do Con Fase 2 aos efectos de liberar a desembocadura do Río do Con.

A Autoridade Portuaria en resposta ao requirimento efectuado dende o Concello, no ano 2013, acordou incluír no prego de condicións da concesión C-0136 destinada a explotación de nave e zona descuberta para exposición, almacenamento e mantemento de embarcacións na rampa do Cavadelo que, no caso de que se iniciaran as obras para a execución da obra para liberar a desembocadura do Río do Con, sería causa de revocación da concesión outorgada a Ramón Moral Riestra.

Na actualidade estase a tramitar polo Concello de Vilagarcía de Arousa a modificación puntual Nº 10 do PXOM, aos efectos de facer posible o uso urbanístico dos terreos incluídos na UEI-12 do PXOM.

Con dita modificación posibilitárase que as mercantís Mejillones Nidal, S.L; Náutica Moral S.L e P.J Carrasco S.L trasladen as súas instalacións aos terreos da súa propiedade na denominada UEI-12, para a súa reubicación e adaptación as novas necesidades de mercado e, en consecuencia, acadarase unha das reivindicacións históricas da cidadanía deste Concello, a liberación da desembocadura do Río do Con e do peirao do Ramal.

Son motivos de interese público os que xustifican a citada modificación puntual e así, por una banda, coa demolición da nave de Náutica Moral, S.L conseguírase a liberación da desembocadura do Río do Con, necesidade estratéxica e urxente aos efectos de evitar a reprodución de inundacións, e, por outra, coa demolición da nave de P.J. Carrasco, S.L liberárase o peirao do Ramal das instalacións industriais e comerciais existentes, mellorando, con elo, a interconexión das zonas lúdicas e recreativas da cidade, permitindo a permeabilidade da cidade co mar.

Concurrindo, en definitiva, os intereses cidadáns e os intereses estratéxicos e socioeconómicos. Existe un manifesto interese público en alcanzar o obxectivo de dita modificación, cal é a liberación do río do Con e do peirao do Ramal, motivo polo que resulta necesario que pola Autoridade Portuaria se asuma o firme compromiso de participar en acadar o resultado pretendido, coa demolición das instalacións industriais e comerciais ocupadas polas citadas mercantís no momento que as mesmas se trasladen aos terreos da súa propiedade sitos na UEI-12, sen posibilidade de realizar novas concesións que impidan liberar a desembocadura do Río do Con e o peirao do Ramal.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa para que asuma o firme compromiso no órgano competente de que unha vez que as mercantís Nautica Moral, S.L e P.J Carrasco abandonen as instalacións industriais/comerciais situadas dentro do ámbito da súa competencia (desembocadura do Río do Con e o peirao do Ramal) previa aprobación de modificación puntual do PXOM de Vilagarcía de Arousa e do desenvolvemento urbanístico, procederase a demolición das mesmas sen posibilidade de outorgar novas concesións, aos efectos de acadar a liberación da desembocadura do Río do Con e o peirao do Ramal. Vilagarcía de Arousa, 19 de setembro de 2018

Tania García Sanmartín
Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre Modificación Puntual PXOM relativa ao Porto de Vilagarcía.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e Instar á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa para que asuma o firme compromiso no órgano competente de que unha vez que as mercantís Nautica Moral, S.L e P.J Carrasco abandonen as instalacións industriais/comerciais situadas dentro do ámbito da súa competencia (desembocadura do Río do Con e o peirao do Ramal) previa aprobación de modificación puntual do PXOM de Vilagarcía de Arousa e do desenvolvemento urbanístico, procederase a demolición das mesmas sen posibilidade de outorgar novas concesións, aos efectos de acadar a liberación da desembocadura do Río Con e o peirao do Ramal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=7>

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CREACIÓN DA INFRAESTRUTURA NECESARIA PARA A ESCOLA MUNICIPAL E OS DEPORTES NÁUTICOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 19 de setembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DA INFRAESTRUTURA NECESARIA PARA A ESCOLA MUNICIPAL E OS DEPORTES NÁUTICOS.

Xabier Ríos González como portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a creación da infraestrutura necesaria para acoller aos deportes náuticos e as escolas náuticas municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía de Arousa ten sido referencia no relacionado cos deportes náuticos, en especial coa vela. Deste xeito á longa lista de campións galegos, de España, europeos, mundiais e olímpicos que deu este deporte, habería que engadirlle outros, en deportes como a pesca, pesca submarina, piragüismo, etc.

A pesares deste feito, que para calquera outro concello sería motivo de orgullo e un estímulo para a potenciación por parte da administración local, e o seu goberno, destes deportes relacionados con algo tan noso como é o mar; en Vilagarcía, ano tras ano (nos últimos tempos) estamos a ver como as distintas instalacións destinadas aos deportes náuticos se van deteriorando, ate o punto de non reunir as condicións mínimas para a práctica do deporte, ou simplemente teñen desaparecido. Isto ten tido como consecuencia que aos/ás nosos/as nenos/as, xuventude e cidadanía en xeral, lles resulte moi difícil poder practicar e acceder a estes deportes.

A día de hoxe non existen unhas infraestruturas municipais que permitan a práctica de xeito continuado e nunhas condicións que se poidan considerar óptimas. A pesares da existencia de diferentes clubs, estes, ou non contan con infraestrutura adecuada, ou sinxelamente non conta con ningunha, véndose na tesitura

de non poder ofertar a práctica destes deportes ou mesmo desaparecer. Todo elo está a provocar; por unha banda, que os que queren gozar destes deportes se teñan que desprazar a outros concellos, e por outra, que non se estean a potenciar estes deportes nos/as máis cativos/as no noso Concello.

Neste senso, resulta incomprendible que nunha cidade como Vilagarcía non se teñan tomado as medidas para evitar este estado de abandono no referente a práctica destes deportes, tendo en conta tanto a historia como o vínculo que deberamos ter co noso mar.

Para o BNG non é de recibo que as nosas crianzas, mozos/as e cidadanía en xeral non poidan gozar dos deportes náuticos no noso concello, e se vexan impedidos de poder practicalos ou obrigados a trasladarse a outros lugares para poder facelo.

Neste senso, hai que ter en conta que estaríamos a falar de romper con unha tradición que na nosa vila (Vilagarcía de Arousa) data de primeiros do século pasado coa creación oficial do primeiro club de regatas, da necesidade de dar saída a unhas escolas das que teñen saído numerosos/as deportistas que teñen acadado éxitos tanto a nivel nacional como internacional e referencia para outros/as moitos/as deportistas, de propiciar unha saída laboral para moito/as mozos/as como monitores/as, adestradores/as e deportistas, e porque non podemos desaproveitar que temos na nosa cidade tanto o Centro de Tecnificación de Vela, como a oferta do ciclo de técnico deportivo de vela (no IES Bouza Brey), únicos no noso país.

Dende o noso grupo consideramos que dende este concello se deben tomar as medidas necesarias para evitar, que algo tan necesario como é o deporte, e tan importante como resulta a nosa vinculación co mar, desapareza de Vilagarcía.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita deste Pleno da corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que por parte do goberno do Concello de Vilagarcía se dea inicio ao proxecto para creación dunha infraestrutura municipal que poida acoller as distintas escolas municipais para os deportes náuticos e a práctica dos mesmos.

2. Que por parte do Concello de Vilagarcía se inicien os tramites necesarios coas distintas administracións implicadas para a creación desta infraestrutura, e neste caso:

- Se solicite a cesión, nas mesmas condicións que o Centro de Tecnificación de Vela, da antiga nave de ALFOGAR e a súa parcela á Autoridade Portuaria de Vilagarcía para poder acoller e desenrolar este proxecto.

- De considerarse preciso, se tramiten as solicitudes de achegas para esta infraestrutura por parte doutras administracións; como poden ser da Xunta, deputación ou do Estado .

3. Trasladar o presente acordo á Presidencia e Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vilagarcía.

Vilagarcía de Arousa, 18 de setembro de 2018

Xabier Ríos

Voceiro do grupo municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación moción presentada polo grupo municipal do BNG para a creación da infraestrutura necesaria para a Escola Municipal de Deportes Náuticos.

A Sra. García Sanmartín indica que pola Xunta de Goberno Local de 10 de setembro se acordou solicitar á Autoridade Portuaria a cesión gratuíta da nave de Alfogar.

Presenta a seguinte emenda:

- Solicitar a cesión gratuíta ou un canon de carácter simbólico.

O Sr. Ríos González di que aceptan solicitar a aplicación dun prezo simbólico.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e

1. Que se dea inicio ao proxecto para creación dunha infraestrutura municipal que poida acoller as distintas escolas municipais para os deportes náuticos e a práctica dos mesmos.
2. Que se inicien os tramites necesarios coas distintas administracións implicadas para a creación desta infraestrutura, e neste caso:
 - Se solicite a cesión en todo caso por un prezo ou canon simbólico, da antiga nave de ALFOGAR e a súa parcela á Autoridade Portuaria de Vilagarcía para poder acoller e desenrolar este proxecto.
 - De considerarse preciso, se tramiten as solicitudes de achegas para esta infraestrutura por parte doutras administracións; como poden ser da Xunta, deputación ou do Estado .
3. Trasladar o presente acordo á Presidencia e Consello de Administración da Autoridade portuaria de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=8>

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A RECUPERACIÓN DO RÍO UMIA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 19 de setembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO RÍO UMIA

Xabier Ríos González como portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu tratamento no próximo Pleno Ordinario, a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O encoro da Baxe (Caldas de Reis) está a sufrir un novo episodio de contaminación por cianobacterias, algas tóxicas potencialmente perigosas para a saúde das persoas segundo informa a Consellería de Sanidade. Ademais este ano, como novidade, a alerta deuse especialmente anticipada no tempo e están a verse concentracións elevadas augas abaixo do encoro, o que pon de manifesto que o problema non fai máis que agravarse cada ano.

Esta cianobacteria é a principal produtora dunha potente toxina de carácter hepatotóxico e segundo se constatou en diferentes modelos animais, a súa exposición continuada ten efecto carcinóxénico directo sobre o fígado.

A pesares disto, o goberno da Xunta de Galicia non toma conciencia destes problemas, nin cumpre co mantemento mínimo esixible do río, nin toma medidas para evitar que se produzan altas concentracións da cianobacteria.

Todo isto xenera graves prexuízos para as veciñas e veciños non só de Caldas de Reis, senón tamén de todos os concellos (incluído o de Vilagarcía de Arousa) que ademais de abastecerse da auga do río Umia, tamén son usuarios como bañistas nas súas diversas zonas de recreo; pois nin se pode facer uso do Umia como lugar de ocio nin se pode gozar das paisaxes arrebatadas por un río completamente abandonado e de cor verde. Ademais disto, temos que soportar o sobrecoste de mercar auga embotellada pola pouca confianza e garantías que ofrece o funcionamento da ETAP, a cal non está preparada para eliminar estas toxinas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita deste Pleno da corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

- Solicitar op amparo da Valedora do Pobo.
- Esixir a todas as administracións responsables, a recuperación e limpeza do cauce natural do Umia.
- Que a Xunta se faga cargo dos gastos de depuración e mantemento da ETAP dende o momento no que se active o nivel de vixilancia por cianobacterias.

-Que a Xunta de Galiza faga un estudo técnico multidisciplinar e en profundidade, coordinado por D. Fernando Cobo Gradín (Profesor titular de Zooloxía e Antropoloxía Física da Universidade de Santiago (USC), director da Estación de Hidrobioloxía do “Encoro do Con” e presidente da Asociación Galega de Investigadores da Auga), da solución definitiva para rematar cos problemas arrastrados no río Umia., e que se estableza un protocolo de actuación, integrando igualmente un calendario e unha valoración económica das medidas, incluso valorando a inutilización definitiva do encoro.

- Solicitar a ADEGA, un informe xurídico, que estes solicitaron anos atrás, sobre a viabilidade da recuperación da concesión hidráulica do encoro da Baxe.

- Dar traslado destes acordos á Mancomunidade e Deputación, para que colaboren dentro das súas competencias, e exerzan presión na administración competente, a Xunta de Galicia.

- Esixir á xunta un estudo clínico sobre as consecuencias sobre a poboación dos concellos afectados Vilagarcía de Arousa, 18 de setembro de 2018.

Xabier Ríos

Voceiro do grupo municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación moción presentada polo grupo municipal do BNG para a recuperación do Río Umia.

- O Sr. González Somoza presenta a seguinte emenda:

-Que a Xunta de Galiza faga un estudo técnico multidisciplinar e en profundidade da solución definitiva para rematar cos problemas arrastrados no río Umia., e que se estableza un protocolo de actuación, integrando igualmente un calendario e unha valoración económica das medidas, incluso valorando a inutilización definitiva do encoro.

- Solicitar un informe xurídico sobre a viabilidade da recuperación da concesión hidráulica do encoro da Baxe

- A Sra. César Veloso di que aceptan a emenda parcialmente: “que se conte coa colaboración dos profesionais citados.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e

- Solicitar o amparo da Valedora do Pobo.

- Esixir a todas as administracións responsables, a recuperación e limpeza do canle natural do Umia.

-Que a Xunta se faga cargo dos gastos de depuración e mantemento da ETAP dende o momento no que se active o nivel de vixilancia por cianobacterias.

-Que a Xunta de Galiza faga un estudo técnico multidisciplinar e en profundidade cos técnicos que considere e conte coa colaboración de D. Fernando Cobo Gradín (Profesor titular de Zooloxía e Antropoloxía Física da Universidade de Santiago (USC), director da Estación de Hidrobioloxía do “Encoro do Con” e presidente da Asociación Galega de Investigadores da Auga), da solución definitiva para rematar cos problemas arrastrados no río Umia., e que se estableza un protocolo de actuación, integrando igualmente un calendario e unha valoración económica das medidas, incluso valorando a inutilización definitiva do encoro.

- Solicite un informe xurídico, que estes solicitaron anos atrás, sobre a viabilidade da recuperación da concesión hidráulica do encoro da Baxe, contando coa colaboración de ADEGA.

- Dar traslado destes acordos á Mancomunidade e Deputación, para que colaboren dentro das súas competencias, e exerzan presión na administración competente, a Xunta de Galicia.
- Esixir á xunta un estudo clínico sobre as consecuencias sobre a poboación dos concellos afectados.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=9>

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A SINALIZACÓN, MELLORA E ACONDICIONAMENTO DAS PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR E DE LIÑAS REGULARES EN VILAGARCÍA E MELLORA DAS MARQUESIÑAS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 21 de setembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de setembro de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Sinalización, mellora e acondicionamento das paradas do transporte escolar e de liñas regulares en Vilagarcía e mellora das marquesiñas”

EXPOÑEN

O Partido Popular recolle e traslada ó pleno da corporación as queixas dos pais, nais do alumnado usuario do transporte colectivo ós centros educativos da cidade, que reclaman que as paradas que se empregan a diario para que os menores acudan ós distintos centros carecen da información, sinalización e moitas veces accesibilidade pertinente.

Este feito agrávase este mes varias razóns. En primeiro lugar, a volta ás clases volve poñer de manifesto as queixas que xa existían o ano pasado e o anterior, pero que cada vez son máis. O segundo motivo é a chegada das primeiras chuvias da tempada. Esta mesma semana rexistráronse precipitacións nas horas claves (á entrada e á saída do horario escolar), o que provocou que se multipliquen as queixas. E por último, o caos de tráfico propiciado pola reformulación do tráfico rodado despois de intervir e eliminar a circulación polo centro da cidade, sobrecargando o mesmo volumen de vehículos polas demais vías.

Un dos casos máis graves, aínda que non o único, é o da Avenida de Cambados. Moitos pais e nais denuncian que os seus fillos non teñen un lugar fixo e claramente sinalizado para agardar polo autocar que os leve ós diferentes centros escolares. Iso implica que cada conductor pode facer as paradas en distintos lugares, cos evidentes perxuízos que conleva. Ademais, cando chove, os menores agardan resgardados baixo as cornisas dos edificios para non estar á intemperie. Cando isto ocorre, se o autobús non detecta que hai nenos agardando pode pasar de largo, perdendo (como xa ocorreu) o transporte escolar.

A estas queixas súmanse as dos usuarios dos autobuses de liña regular, que padecen os mesmos problemas que a comunidade escolar: falta dun lugar claramente sinalizado, ausencia de información de horarios, un lugar accesible para poder subir e baixar dos autocares que estea delimitado e mesmo falta de marquesiñas.

As marquesiñas son, sen dúbida, unha das grandes queixas dos usuarios do servizo de autobús, especialmente no entorno rural e nas distintas parroquias. As queixas van desde a falta de limpeza, o deterioro que acumulan, a rotura de cristais e desperfectos nos bancos e os accesos ás mesmas.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía levou en decembro de 2016 unha moción que levaba por título “Sinalización e identificación das paradas de autobuses e taxis de Vilagarcía”, e na que se pedía, explicitamente:

- Que se sinalicen e identifiquen todas as paradas de autobuses do termo municipal de Vilagarcía, nas zonas urbanas e interurbanas, e se homoxeneice a súa imaxe.
- se dote de información a estas paradas de autobuses, especialmente no referente ós itinerarios, horarios e frecuencias de paso.
- Que se sinalicen, identifiquen e melloren as paradas de taxi de Vilagarcía.

Esta moción foi aprobada cos votos a favor de 20 dos 21 concelleiros do pleno da corporación.

A isto hai que engadir que o PP presentou como aportacións ós orzamentos municipais do presente exercicio, para a área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade Vial a “Identificación de paradas de buses e taxis” e o “Plan de arranxo e renovación de marquesiñas”.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que o goberno local defina claramente cales son os puntos exactos das paradas de autobuses de transporte escolar; que as identifique mediante paneis informativos; que instale sinais e reserve espazos para que os usuarios poidan subir e baixar de maneira cómoda e que se faciliten espazos nos que poder agardar ós autocares, especialmente cando as condicións climatolóxicas sexan adversas.
- Que se faga efectivo o Plan de Arranxo de Marquesiñas proposto polo PP en todo o termo municipal.
- Que se dea cumprimento á moción presentada polo Grupo Municipal do PP de decembro de 2016 e se dote economicamente, atendendo así ás aportacións ó orzamento municipal 2018 presentadas por este grupo.

Elena Suárez – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a sinalización, mellora e acondicionamento das paradas do transporte escolar e de liñas regulares en Vilagarcía e mellora das marquesiñas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP e,

- Que se defina claramente cales son os puntos exactos das paradas de autobuses de transporte escolar; que as identifique mediante paneis informativos; que instale sinais e reserve espazos para que os usuarios poidan subir e baixar de maneira cómoda e que se faciliten espazos nos que poder agardar ós autocares, especialmente cando as condicións climatolóxicas sexan adversas.
- Facer efectivo o Plan de Arranxo de Marquesiñas proposto polo PP en todo o termo municipal.
- Dar cumprimento á moción presentada polo Grupo Municipal do PP de decembro de 2016 e se dote economicamente, atendendo así ás aportacións ó orzamento municipal 2018 presentadas por este grupo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=10>

11. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIONS DO GRUPO DE GOBERNO. INTERPELACION EU SOBRE A SITUACIÓN DO PARKING XOAN XXIII, E AS XESTIONS DO GOBERNO PARA O RESCATE DO SERVIZO: Dáse conta da interpelación presentada polo grupo municipal de EU do seguinte teor:
INTERPELACIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DO PARKING XOAN XXIII, E AS XESTIONS DO GOBERNO PARA O RESCATE DO SERVIZO.

D. Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, actuando en nome e representación do mesmo, e conforme a normativa vixente e do Regulamento do Pleno deste Concello, presenta para a súa inclusión no Pleno da Corporación a seguintes INTERPELACIÓNS, en base ós seguintes,

MOTIVOS

No mes de xullo do 2017, o Goberno Local saía nos medios de comunicación para anunciar que iniciaría os trámites para rescatar o Párking de Xoán XXIII, motivado polo seu estado de deterioro e o pésimo servizo.

Mais dun ano despois, non coñecemos nada sobre as xestións postas en marcha para que o Párking sexa de xestión pública, tal e como se aseguraba que sería.

Este Grupo Municipal está particularmente interesado en que esa xestión pública sexa unha realidade, e defendemos esa mesma xestión para todos os servizos que dependen da administración pública, neste caso de ámbito Local.

E por elo, que estamos interesados polo resultado das xestións iniciadas para que ese “rescate” para a cidadanía do Párking Xoán XXIII sexa unha realidade canto antes.

Por todo iso, este Grupo Municipal de Esquerda Unida formula as seguintes

INTERPELACIÓNS

- 1.- **¿Cales foron as medidas e xestións, iniciadas ou postas en marcha, dende o Goberno local para que o Parking Xoán XXIII sexa de titularidade municipal.?**
- 2.- **¿Cal é o estado de execución desas medidas. ?**
- 3.- **¿Vai iniciar algunha outra xestión ou medida para garantir que ese “rescate” para que a xestión dende o público sexa unha realidade?**
- 4.- **¿Cal e a situación actual da débeda do concesionario co Concello e o estado de cumprimento do contrato e o prego de Condicións?**

Polo Sr. Alcalde dáse resposta á interpelación citada.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=11>

12. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=12>

13. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=13>

14. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180927&punto=14>

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.